



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E SETE DE ABRIL DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Escusa asistencia	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e sete de abril de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día seis de abril do ano que andamos, que logo de facer a seguinte corrección, apróbase por unanimidade:

Na factura nº 9/2017 de Fermín González Blanco SAU, onde di “ febreiro 2017”, debe dicir “marzo 2017”

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201700000000283 de don José Manuel Castro Pallas. (Expediente núm. 2017/U023/000001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza de demolición de edificación en Gatente - Trobe (Expediente núm.: 2017/U023/000001), en solo cualificado como “De expansión do núcleo rural. N-2”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por dona Mercedes Rosón Varela, en calidade de arquitecta.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002203300NH43E .

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

-Axustarase ao proxecto achegado.

-O prazo para a execución será dun mes debendo comunicar ao Concello a data do derribo cun mínimo de 15 días de antelación para toma-las medidas oportunas.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



-Deberase colocar un cercado na fronte da parcela dunha altura mínima de 2 m de materiais que ofrezan seguridade debendo deixar un paso para os peóns na calzada de polo menos 60 cm.

-En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e catro euros con dezaseis céntimos (#74,16#)

2.2.- Comunicación Previa de Obra de don Odón C. Cobas García. (Expediente núm. 2017/U026/000011)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Odón C. Cobas García para rehabilitación de vivenda consistente en arranxos no cuarto de baño, de aproximadamente 12 m² en planta, consistente en cambiar os azulexados.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B504001140000TW, emprazada en Galegos, 10 – San Pedro de Vilanova, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo as actuacións axustarse ao comunicado.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Comunicación previa de obra de don Julio Vázquez Cao. (Expediente núm. 2017/U026/000012)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Julio Vázquez Cao para rehabilitación de edificación consistente en reponer a tella deteriorada, de aproximadamente 25 m² en planta, e limpar de hedras.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A503010080000AU, emprazada en O Burgo (Vedra), cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.


Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Instancia núm. 339/17 de dona María Nélica Freiría García. (Expte. Número 2017/U018/000003)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para parcelación de finca en Cornado (San Fins de Sales), en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don Fco. Javier Bellet García en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data 23 de marzo de 2017.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de expansión de núcleo rural (N-2) e Solo rústico de especial protección agropecuaria (R.2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada en Cornado –San Fins de Sales, nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de (#120,00#) euros.

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, de 59 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Deberá achegarse copia da escritura pública na que se formalice a cesión obxecto de este expediente.

2.5.--Instancia núm. 201700000000318 de dona Beatriz Agrelo Tallón. (Expediente prórroga núm: 2017/U003/000004)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en A Estrada, expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 12 de agosto de 2014 concedeulle licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar en Reboredo (Ponte Ulla) (Expediente núm. 2014/U008/000004), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga.


A Xunta de Goberno, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente, coa condición de que estas sexan rematadas exteriormente, requisito sen o cal non poderán concederse novas prórrogas.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.6.- Comunicación previa de obra de don Paulino Vaamonde Hermida. (Expediente núm. 2017/U026/000013)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Paulino Vamonde Hermida para rehabilitación de edificación auxiliar, de aproximadamente 50 m² en planta, consistente en retirar a uralita deteriorada e colocar uralita e tella.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001800500NH43F0001YI, emprazada en Ortigueira, 3- Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de seis meses.



A Xunta de Goberno :

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e tres euros con corenta e tres céntimos (#53,43#).

2.7.-.- Instancia núm. 201700000000355 de don Luís Cabo Boo. (Expediente núm. 2017/U022/000011)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vilar, 3 – San Pedro de Vilanova (Vedra), solicita licenza para obras de reforma de cuberta e fachada de vivenda unifamiliar en Vilar, 3 (San Pedro de Vilanova) (expediente núm.: 2017/U022/000011), emprazada en solo de núcleo rural (N1) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, para dar cumprimento á resolución do expediente de reposición de legalidade aberto pola APLU e con número COR/179/2015-RP.

As actuacións axústanse á resolución da APLU nos termos do proxecto achegado, redactado polo arquitecto D. Antonio Sabucedo Costa, cun orzamento de 28.500,00 euros, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o Plan Xeral vixente do concello de Vedra posto que se trata dunha reestruturación parcial adecuando a edificación na parte que se atopa fóra de ordenación, e tamén cumpre as condicións da resolución da Axencia de Protección da Legalidade.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000100600NH43F.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Construirase de acordo co proxecto presentado.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que favoreza a integración no mesmo inmediato e na paisaxe.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincocentos setenta euros (#570,00#)

2.8.- Comunicación previa de obra de dona María Elena Cabo Carreira. (Expediente núm. 2017/U026/000015)



Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona María Elena Cabo Carreira para construción de peche lateral de parcela, con base de bloques, postes e arame, cunha altura que non superará o 1,80 m. e recuándoo 5 metros do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001600200NH43H, emprazada en Sobredo –San Pedro de Vilanova, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Garantir o natural discurrir das augas e respectar as servidumes existentes. Cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 5 metros do eixe da vía, así coma as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.9.- Comunicación previa de obra de don Manuel Calvelo Otero. (Expediente núm. 2017/U026/000014)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Manuel Calvelo Otero para construción de columnas e colocación de portal de acceso a finca, a unha distancia de 6 metros do eixe da vía, recuándoo 6 metros do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002203600NH43E0001WX, emprazada en Gatente, 1 – San Andrés de Trobe, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse ao comunicado.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

3º.- Certificacións de obras.

3.1.- Certificación núm. 1 da obra de *Melloras do Arquivo Histórico Municipal de Vedra*.

Dáse conta da certificación núm. 1 da obra de Melloras do *Arquivo Histórico Municipal de Vedra*, incluída no *Plan de Acción Social PAS 2015 (Código 2015.3110.0188.0)*, e da factura núm. EO00038 da empresa adjudicataria da obra, Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de catorce mil catrocentos vinte e tres euros con sete céntimos (#14.423,07#), sendo o director da obra o arquitecto don Fermín González Blanco.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a factura correspondente.

3.2.- Certificación núm. 1 e final da obra de *Aparcadoiro disuasorio en Ponte Ulla*.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta da certificación núm. 1 e final da obra *Aparcadoiro disuasorio en Ponte Ulla*, incluída no *Plan de Acción Social PAS 2015 (Código 2015.3110.0191.0)*, e da factura núm. OB 7562 da empresa adxudicataria da obra, Nosa Nemesio Ordóñez, S.A, por importe de cincuenta e catro mil oitocentos sesenta e tres euros con cincuenta e nove céntimos (#54.863,59#), sendo o director da obra o arquitecto don Fermín González Blanco.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a factura correspondente.

4º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

<i>Número Factura</i>	<i>Data Factura</i>	<i>Importe €</i>	<i>Nome Proveedor/Acredor</i>	<i>Descrición</i>
FE17321227286287	03/03/2017	718,95	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á depuradora de Calzande no período 30/01/2017 - 27/02/2017
FE17321227330594	06/03/2017	123,13	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Fuffín no período 28/01/2017 - 27/02/2017
FE17321227882076	13/03/2017	301,33	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CEIP de Santa Cruz no período 12/12/2016 - 25/01/2017
FE17321227330595	06/03/2017	327,27	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á casa do concello no período 30/01/2017 - 27/02/2017
FE17321227330598	06/03/2017	314,55	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol no período 28/01/2017 - 27/02/2017 (CUPS ES0022000007480452RB1)
FE17321227715577	08/03/2017	287,53	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Ponte Ulla no período 01/02/2017 - 28/02/2017
FE17321227330593	06/03/2017	353,79	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Dozar no período 28/01/2017 - 27/02/2017
FE17321227330599	06/03/2017	231,00	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol no período 28/01/2017 - 27/02/2017 (CUPS ES0022000004975461QL1)
FE17321227330597	06/03/2017	66,13	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Paradela no período 27/01/2017 - 27/02/2017
FE17321227330596	06/03/2017	997,65	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CPI de Vedra no período 30/01/2017 - 27/02/2017
FE17321227286286	03/03/2017	594,72	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao campo de fútbol de Santa Cruz no período 28/01/2017 - 27/02/2017
37 2384	30/03/2017	1.026,03	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado na nave de Trobe o día 30/03/2017



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1CSN170300291022	15/03/2017	387,38	Cide Hcenergia, S.A.	Subministro eléctrico á iluminación pública de Caldelas-Ponte Ulla período 29/12/2016-28/02/2017
57	06/04/2017	302,50	Dixitalcor 2011, S.L.	Dous carteis anunciadores de licenza de obra subministrados en abril para urbanismo (gasto a repercutir aos interesados)
8792	31/03/2017	224,84	Hierros Diego, S.L.	Materiais subministrados en marzo para fabricación de paneis para actividades e exposicións do departamento de cultura
5 Tickets	30/03/2017	164,47	Acredores diversos	Materiais e produtos alimenticios para o servizo municipal de madrugadores mercados no mes de marzo/2017
3 Tickets	22/03/2017	35,70	Acredores diversos	Materiais e produtos para o servizo municipal de ludoteca mercados no mes de marzo/2017
4001997596	31/03/2017	457,16	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa prestados no mes de marzo/2017
142 FACTURAS	01-02-05-08-16-16-23-26-29-30/03/2017	13.605,83	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á iluminación pública durante os meses de febreiro e/ou marzo 2017
17 FACTURAS	02-05-06-08-19-26-29-30/03/2017	2.199,42	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a diversos locais e instalacións municipais durante os meses de xaneiro e/ou febreiro e/ou marzo 2017
Emit- 17020	04/04/2017	6.534,00	Martínez Montes e Hijos S.L.	Asfaltado de beirarrúas de Paradela-San Xián realizado en abril/2017 (segundo orzamento de data 03/03/2017)
841364093	06/04/2017	355,22	Ricoh España, SLU	Cota mínima mes abril/2017 das impresoras-fotocopiadoras de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais
1701020043	03/04/2017	491,74	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Arrendamento dos locais da estación do tren de Santa Cruz correspondente ao mes de abril/2017
FV17-17+00181	31/03/2017	127,05	Indusal Rias Altas, SA	Servizo de lavado das teas do escenario da casa da Terceira Idade prestado en marzo/2017
A/50	31/03/2017	957,57	García Sarandón, S.L.U.	Materiais e produtos servidos en marzo/2017 para a obra beirarrúas de Paradela, brigada verde e de obras, P.Civil, escola S. Xián, S. Sociais e outros
823	31/03/2017	396,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 11/03/2017 para excursión da Terceira Idade a Tui e a Vilanova da Cerveira-Portugal, con achegas dos participantes
601-KF17-21169	01/04/2017	137,94	Orange Espagne, S.A.U.	Servizo de internet + na casa do Concello prestado no período 01/03/2017-31/03/2017



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



201700138	31/03/2017	1.397,44	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais diversos servidos en marzo/2017 para mantemento servizo auga, casas cultura e campos fútbol, maquinaria e outros
297/17	03/04/2017	98,37	Gamallo Gómez Manuel - Talleres M. Gamallo	Traballos de revisión pre-ITV do vehículo Nissan C6247BF e levalo á estación da ITV de Cacheiras o día 03/04/2017
17 06	31/03/2017	6.721,19	Mobiliario Urbano Marlo, S.L.	Dúas marquesiñas modelo Vedra para refuxio de viaxeiros en S. Xián e Pte.Ulla e 5 pranchas de policarbonato e 1 de vidro
151217FS0015374	03/04/2017	46,83	Supervisión y Control, S.A.	Inspección periódica obrigatoria (ITV) do vehículo Nissan C6247BF pasada o día 03/04/2017
FV-17/1	31/03/2017	150,00	García Cabal Guadalupe J.	Achega municipal para curso de manualidades no 1T/2017
63	31/03/2017	496,10	Gamallo Carreira José Manuel	Servizo de camión con grúa para transporte de gradas municipais prestado o día 10/03/2017
A00033870	31/03/2017	44,17	Campos y Costas Consulting, S.L. (MRW)	Servizo de transporte de carteis publicitarios da Festa do Viño remitidos pola imprenta da Deputación o día 21/03/2017
1702981	01/04/2017	231,44	Proel Ascensores, S.L.	Servizo de conservación e mantemento do equipo elevador do CPI de Vedra período 2T/2017
RECC-17-0200	06/04/2017	150,00	Femp	Cota do concello de Vedra de asociado á Rede Española de Cidades polo Clima correspondente ao ano 2017
GC00043	30/03/2017	1.200,00	Maeve McLoughlin	Impartir clases extraescolares de inglés no CPI de Vedra durante o mes de marzo/2017
2017/0869	31/03/2017	7.989,49	Sogama S. A.	Tratamento dos residuos urbanos do concello de Vedra mes marzo/2017
2017 15	12/04/2017	6.241,48	Acofide 2000 Xestion, S.L.	Servizo de xestión de actividades deportivas e mantemento do polideportivo municipal de Vedra, mes marzo/2017
36001451	31/03/2017	209,95	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Fotocopias e impresións realizadas na máquina da planta baixa no período 01/03/2017-24/03/2017
29	17/01/2017	230,87	Maderas C. Lata S.L.	Cortiza de pino subministrada en xaneiro para arrombar a rotonda da saída da autoestrada en San Mamede
59	12/04/2017	151,25	Dixitalcor 2011, S.L.	Cartel anunciador de licenza de obra subministrado en abril para urbanismo (gasto a repercutir ao interesado)
C5-17	31/03/2017	641,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de marzo/2017 e acollemento dun animal no período 01-31/03/2017
031//17	31/03/2017	444,31	Reparaciones Sinde , S.L.	Reparación do remolque de recollida de cans e do camión de recollida do lixo 9047HPG e subministro de materiais para o servizo de augas



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




030//17	31/03/2017	4.106,74	Reparaciones Sinde , S.L.	Fabricación de 4 bancos a medida en perfil galvanizado e chapa de policarbonato para o campo de fútbol de San Mamede
17-2017	03/04/2017	600,00	Asociación Ruta do Viño Rías Baixas	Cota anual de socio do Concello de Vedra correspondente ao exercicio 2017
082/2017	09/04/2017	1.936,00	Culturactiva Soc. Coop. Galega	Actuación no Concello do grupo Fanfarria Taquikardia o día 09/04/2017 dentro da rede cultural da Deputación da Coruña
Recibo núm. 040707087	10/04/2017	52,39	Allianz Seguros y Rea.,SA	Incremento da cobertura do contido no seguro do campo de fútbol de San Mamede (período 14/03/2017-25/08/2017- póliza 037662093)
17	31/03/2017	6.161,32	Camino Bouzón Miguel Ángel	Reforma da instalación de calefacción e da fontanería de baño da planta baixa da casa consistorial (segundo orzamento presentado)
18	31/03/2017	125,84	Camino Bouzón Miguel Ángel	Traballos de mantemento realizados no CPI de Vedra no mes de marzo/2017 (reparar quentador gas cociña e 2 purgadores)
595	23/03/2017	445,24	Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería	Traballos realizados nos vestiarios do campo de fútbol e no CEIP de Sta. Cruz e na escola de S. Miguel en feb e mar/2017
17/000065	31/03/2017	61,95	M.C. Mapoca, S.L.	Cemento para soportes colectores lixo e outros materiais para a casa da Terceira Idade subministrados en marzo/2017
17/000066	31/03/2017	148,35	M.C. Mapoca, S.L.	Tubos e cemento subministrados en marzo para mantemento das vías públicas en Merín e Vilanova
17/000067	31/03/2017	39,57	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para a actividade luvas verdes e para mantemento do CPI de Vedra subministrados en marzo/2017
17/000068	31/03/2017	72,90	M.C. Mapoca, S.L.	Ferramentas varias subministradas en marzo/2017 para mantemento do servizo municipal de subministro de auga potable
17/000069	31/03/2017	3.092,37	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en marzo/2017 para a obra de construción de beirarrúas en Paradela-San Xián
420200183	31/03/2017	302,50	Radio Popular, SA - Cope	Convenio de publicidade subscrito co Concello para o ano 2017 (mes marzo)
A/16	29/03/2017	31,87	Comercial Agrícola Vedra S.L.	Produtos subministrados en marzo para a actividade Vedra en Ciencia 2017
A/17	29/03/2017	28,98	Comercial Agrícola Vedra S.L.	Postes torneados subministrados para a Xornada da Camelia 2017
P 701955	15/04/2017	235,95	Editorial Compostela, SA	Publicación no Correo Gallego de anuncio do expte. de licitación da obra Ampliación rede sumidoiros en Laraño e Galegos (PMA 2016)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



C17/2017	06/04/2017	460,34	Couto Rendo Rocío	Servizo de persoal para atención da conserxería do CEIP de Sta.Cruz no período 23/03/2017-31/03/2017 (de 9:45 a 13:45 h)
B/1482570	19/04/2017	16,94	Dinahosting, S.L.	Renovación do dominio .com (concellodevedra.com) polo período dun ano (do 26/04/2017 ao 26/04/2018)
27 990	10/04/2017	1.602,30	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo A para os diversos vehículos municipais subministrado na nave de Trobe o 10/04/2017
1706	31/03/2017	1.000,00	Club Olímpico de Vedra	Convenio asinado co Concello en 2015 (importe mes marzo/2017)
1708	18/04/2017	2.350,00	Club Olímpico de Vedra	Achega do Concello por organización de actividades especiais e competicións extraordinarias do Club na tempada 2017
OB92/2017	06/04/2017	1.000,00	Couto Rendo Rocío	Xornadas socioeducativas e culturais realizadas nos centros escolares en marzo/2017 dentro do programa Vedra en Ciencia
A-118	10/04/2017	133,10	Barreiro García José Carlos - Servides	Servizo de desratización prestado no CEIP de Santa Cruz o 10/04/2017
A-121	12/04/2017	314,60	Barreiro García José Carlos - Servides	Servizo de tratamento anual de desratización, desinfección e desinsectación prestado no CPI de Vedra en abril/2017
TA5LI0005521	19/04/2017	22,61	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax no departamento de servizos sociais municipais (cotas mes abril/2017 e tráfico mes marzo/2017)
TA5LI0005524	19/04/2017	18,63	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax nas oficinas xerais municipais (cotas mes abril/2017 e tráfico mes marzo/2017)
A10008778653-0417	01/04/2017	1.894,44	Orange Espagne, S.A.U.	Servizos de telefonía prestados no período 01/03/2017-31/03/2017 e cota por baixa
Recibo núm. 041615776	20/04/2017	59,07	Allianz Seguros y Rea.,SA	Incremento da cobertura do contido no seguro do campo de fútbol de Santa Cruz (período 10/04/2017-25/08/2017- póliza 037662093)
FA117 426	20/04/2017	300,33	Comercial Vehículos Industriales TAR, S.L.	Sensor ultrasonidos para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrado o 21/04/2017 (contra reembolso)
17/2017	16/03/2017	64,90	Electro Lestedo, S.L. (Electro Bermúdez)	Exprimidor Princess 201851 para o servizo de madrugadores adquirido o 16/03/2017
6837002585	20/04/2017	15,00	El Corte Inglés, S.A. (ECI)	Pack de 640 cartóns para actividades lúdicas da Terceira Idade adquirido o 20/04/2017
2017-37	19/04/2017	161,70	Ibernisha, S.L.	Circuitos termais da excursión da Terceira Idade ás Termas de Outariz o día 19/04/2017 (gasto sufragado coas achegas dos participantes)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



57	19/04/2017	420,00	Restaurante Hostal Ateneo, S.L.	Menús da excursión da Terceira Idade ás Termas de Outariz o día 19/04/2017 (gasto sufragado coas achegas dos participantes)
8	19/04/2017	108,90	Ferradáns Rendo Inés	Ruta guiada por Vedra do CPI realizada en abril dentro do programa educativo "Vedra Medra"
07/C16-17	24/04/2017	240,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura impartidas durante o mes de abril/2017
Emit- 17002483	21/04/2017	726,00	Baygar, S.L.	Dez espellos parabólicos con tubo-poste galvanizado subministrados o 27/03/2017 para poñer nas vías públicas municipais
10/2017	04/04/2017	4.961,00	Fermín González Blanco, S.L.U.	Honorarios pola dirección de obra da ampliación do cemiterio de Santa Cruz
FE16137009229785	30/10/2016	151,50	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á iluminación pública en Galegos-Vilanova no período 01/09/2016-27/10/2016
GC00045	26/04/2017	1.200,00	Maeve McLoughlin	Impartir clases extraescolares de inglés no CPI de Vedra durante o mes de abril/2017
12/2017	25/04/2017	2.469,91	Fermín González Blanco, S.L.U.	Honorarios polos informes e xestións urbanísticas do Concello realizadas durante o mes de abril/2017
2017/036	17/04/2017	1.350,36	Xestedec Comunicación	Servizos prestados o 09/04/2017 en Feiravedra (pantalla, proxeccion, vitrina, mostradores, paneis, ploters, fotografías, deseño e maquetación)
2017/035	07/04/2017	106,48	Xestedec Comunicación	Impresión das invitacións para a Festa do Viño 2017 (XXXVII Exaltación do Viño da Ulla)
2017/034	07/04/2017	580,32	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de abril/2017 (núm. 211)
2017/044	25/04/2017	169,40	Xestedec Comunicación	Servizo de pantalla e micros para proxección organizada polo departamento de cultura o 22/04/2017 (documental <i>Vida</i> da Deputación da Coruña)
GC00039	31/01/2017	1.200,00	Maeve McLoughlin	Impartir clases extraescolares de inglés no CPI de Vedra durante o mes de xaneiro/2017
Liquidación		30,40	Sanmartín Carrera Carlos	Quilometraxe e aparcamento polas xestións de tesourería realizadas durante o período 20/03/2017-19/04/2017
Liquidación		88,30	Pereiras Caldelas Mercedes	Indemnización, quilometraxe, autoestrada e aparcamento pola asistencia a xornada sobre Plataforma Electrónica Integrada o día 21/04/2017 na Coruña
Liquidación		89,35	Gamás Villanueva Sonia	Indemnización, quilometraxe, autoestrada e aparcamento pola asistencia a curso sobre o Sistema Integrado de Rexistros o día 17/04/2017 na Coruña



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Liquidación		81,00	Crespo Souto Vanessa	Indemnización, quilometraxe e autoestrada pola asistencia a curso sobre o Sistema Integrado de Rexistros o día 17/04/2017 na Coruña
Liquidación		58,40	Vilas Giadanes M ^a Cruz	Quilometraxe e aparcamentos polas xestións de emprego e laborais realizadas no período 22/03/2017-05/04/2017
Liquidación		12,55	Aldrey Pereira Ana María	Quilometraxe e aparcamento por asistencia o 08/03/2017 a xornada de presentación da Historia Social Electrónica organizada en San Caetano-Santiago pola Consellería de Política Social
Liquidación		68,00	Lema Rodríguez Clara	Quilometraxe polas xestións de urbanismo realizadas durante os meses de marzo e abril/2017
Liquidación		414,25	Carlos Martínez Carrillo	Quilometraxe, autoestrada e gastos de aparcadoiro de 09/02 ao 27/04

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia nas facturas de Droguería –Ferretería El Sol, S.L, acorda aprobar as citadas facturas.

5º.- Outros asuntos.

5.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta da instancia núm. 452/17 na que dona M^a. Á. T. M., expón que ten unha minusvalía que reduce a súa mobilidade para utilizar transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.